



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000017

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e seis de maio de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS: 28.04.22 – 5.05.22 – 12.05.22.-**

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas, quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria dos membros asistentes ás sesións, e aprobadas por unanimidade).

#### **2º.- SOLICITUDE DE RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR DONA [REDACTED]**

En data 10/05/2022, rexistrase co número 202299900000627, escrito presentado por [REDACTED] solicitando vado para ao inmovible sito na [REDACTED] parroquia de Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 16 de maio 2022, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que como titular del inmueble que se localiza en [REDACTED] Valdoviño, y que se identifica con el número de referencia catastral [REDACTED] figura [REDACTED] teniendo este inmueble acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina rúa Pontevedra y que se identifica en el inventario de viales con el número activo 1C.6.0109.*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el [REDACTED] será de tres metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número activo 1C.6.0109).*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.*

*Se adjunta una fotografía y plano de situación.”*

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a solicitude formulada por dona [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmoble da súa propiedade ubicada na Rúa de [REDACTED] parroquia e municipio de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 41 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de once euros e sete céntimos **(11,07 €)**; cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.-** Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como á interesada.

O alcalde.

Asdo.: Alberto González Fernández”

**En votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de concesión de reserva de via pública para paso permanente de acceso á finca á solicitante sra. Andrea Pardo Latorre; conforme a proposta de Alcaldía que antecede.**

### **3º.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA EN EXPEDIENTE DE OBRAS NÚM. 59/2019.-**

PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“ Vista a solicitude formulada por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 20 de abril do 2022 con número de rexistro 2022000001039 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao Expediente de Obras 59/2019, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 20 de abril do 2022 aos efectos de incoar expediente para a devolución, no seu caso, da fianza depositada polo promotor [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] por importe de NOVE CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (963,79 €) así como a emisión dos oportunos informes pola Tesourería municipal e o Departamento de Urbanismo do Concello de Valdoviño.

En data 21 de abril do 2022 foi emitido Informe da Tesourería municipal determinando que (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositada ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño unha fianza en metálico por importe de NOVE CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (963,79 €) o 18 de setembro do 2019 a nome da interesada Ana María Pérez Fernández con D.N.I. núm. 32.687.582-M, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de agosto do 2019.

Consta no expediente 2022/X002/000002 Informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo do Concello de Valdoviño emitido en data 23 de maio do 2022 facendo constar que xirada visita de comprobación (...) as obras para as cales se solicitou licenza municipal de obras e depositado aval para a realización das mesmas, foron executadas de acordo as condicións establecidas na licenza. Por elo, o técnico informante, no seu estrito ámbito competencial, estima procedente a devolución do aval que se solicita.

Visto canto antecede e conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver a fianza en metálico do Expediente de Obra 59/2019 por importe de NOVE CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (963,79 €) ordeada o 18 de setembro do 2019 por Ana María Pérez Fernández con D.N.I. núm. 32.687.582-M.

*Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe. “*

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, **acordouse pola Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e unanimidade dos seus membros:**

- 1º.- Aprobar dita proposta de devolución de fianza.
- 2º.- Emitase certificado do acordado: para a súa constancia no expediente da presente acta, para a tesoureiría municipal e para o negociado de obras aos debidos efectos.

#### **4º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON [REDACTED]**

##### **Proposta de Alcaldía:**

“Expte. 2022/R002/000001

Vista a instancia de don [REDACTED] formulada en data 13 de maio de 2022, rexistro xeral de entrada núm. 2022000001326 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroadado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron o interesado como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

**5º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

**Licenza de obra maior**

**.- Expte. de obras 295/2021.-** [REDACTED] (representado por [REDACTED])  
[REDACTED] Para as obras de construción de vivenda unifamiliar na parcela situada na Rúa [REDACTED] na parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED]) en solo clasificado como SOLO URBANO. ORDENANZA 1. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto [REDACTED]

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 24 de maio de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.- Conceder** licenza de construción de vivenda unifamiliar na parcela situada na Rúa [REDACTED] na parroquia de Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Carlos Graña Ramos e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 24 de maio de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- \* Proxecto de execución, visado
- \* Nomeamento do arquitecto técnico o aparelador como director de execución da obra nun modelo por dito colexio.

**Terceiro.- Aprobar** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 766,79 €. ICIO.- 3.527,24 €.

**Cuarto.- Aprobar** o presuposto de contrata da obra urbanizadora estimada (AVAL), que deberá garantir o solicitante, de: 5.064,43 €, segundo as condicións sinaladas no informe do

arquitecto municipal (Anexo 2: VALORACIÓN DE LA OBRA URBANIZADORA) de data 24 de maio de 2022).

**Quinto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Sexto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 24 de maio de 2022.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

**Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a súa aprobación.**

#### FÓRA DA ORDE DO DIA

Presentase o asunto seguinte para incluír Fóra da Orde do Día, proponendo o sr. Alcalde ratificar a urxenza que motiva na conveniencia de dar continuidade ao acordo en anterior Xunta de Goberno Local de 5.05.22 (contratación menor de servizos complementarios de asesoramento xurídico para os servizos sociais municipais).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus compoñentes ratifica a urxenza e polo tanto inclúese inclúense dito asuntos Fóra da Orde do Día desta sesión.

#### **.- APROBACIÓN DE CONTRATACIÓN MENOR DE SERVICIOS PROFESIONAIS COMPLEMENTARIOS (ASESORAMIENTO XURÍDICO) NO MARCO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, trala aprobación da contratación do dito servizo, atendendo á motivación da necesidade, visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais que se transcribe a continuación:

*"INFORME PROPOSTA SOBRE VALORACIÓN TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PROFESIONAIS COMPLEMENTARIOS (ASESORAMIENTO XURÍDICO) PARA O DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS.*

*Iria García Martínez, educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, en relación ao procedemento da contratación de servizos profesionais complementarios para o Departamento de Servizos Sociais Comunitarios*

## INFORMA

1. Que en data 05.05.2022 apróbase en Xunta de Goberno Local o inicio do procedemento administrativo de contrato menor para os ditos servizos.

2. Que aínda sendo aprobada a contratación de ambos servizos, empézase inicialmente polo procedemento de un deles, o de asesoramento xurídico, para poder abordar o traballo administrativo que supón.

3. Que se envía por correo electrónico a invitación para presentar ofertas a tres persoas profesionais ou entidades especializadas no servizo co enfoque que se pretende ofrecer, co obxectivo de valorar diferentes propostas técnicas, metodolóxicas e económicas. As persoas ou entidades son as seguintes:

- a. Coral Basoa Lamas
- b. Emma González Abogados
- c. María Dolores Castro González

4. Que das tres invitacións só presentan proposta, en forma e prazo, as dúas últimas.

5. Que trala valoración de cada proposta técnica conclúese que:

- Ambas propostas recollen a información básica sobre a súa experiencia e capacitación en actuacións e actividades relacionadas coa atención ao perfil de persoas que serán potencialmente usuarias do servizo.

- Que ambas propostas teñen aspectos positivos e negativos que inflúen na valoración xeral do servizo. Por un lado, María Dolores Castro González, ofrece un servizo centrado unicamente na súa persoa, o que facilita a coordinación co persoal do departamento e o intercambio de información. Ten ademais experiencia na asistencia técnica a Entidades Locais, o que implica que ten coñecemento das dinámicas municipais na parte técnica e administrativa. Pola súa parte Emma González Abogados ofrece un equipo de varias persoas con perfil completo e axeitado, e aínda que isto incrementa a calidade na atención e unha atención de carácter integral, por outra banda dificulta o seguimento e a coordinación co equipo do Departamento, ao ter que realizarse con varias persoas.

6. Que trala valoración económica, conclúese que aínda sendo prezos bastante aproximados, e máis baixo o de María Dolores Castro González (605 euros/mes) ca o de Emma González Abogados (726 euros/mes IVE engadido)

Segundo o anterior, e co acordo de todo o persoal do Departamento de Servizos Sociais, conclúese que, atendendo a criterios técnicos e económicos, a proposta que obtén unha mellor valoración é a de María Dolores Castro González, por un prezo anual total de 7260 euros.

Valdoviño, 19 de maio de 2022

Iria García Martínez Educadora social (colex. 3545).

**PROPOÑO:** á Xunta de Goberno Local a contratación de servizos profesionais complementarios (asesoramento xurídico) no marco dos Servizos Sociais Comunitarios, a

favor de María Dolores Castro González por un importe anual total de 7260 euros (IVE engadido).

En Valdoviño, na data que figura na marxe esquerda  
O alcalde”

.  
**Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a súa aprobación.**

PARTE ACTIVIDADE

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*